



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Febreiro 2023

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2023


Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Febreiro 2023

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes creceu en Galicia en febreiro de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior un 2,0%, menos que no conxunto de España, 3,5%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación diminúen un 3,8% e medran no Resto de produtos un 8,2%.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas agás na Rexión de Murcia.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 9,4% en Galicia no mes de febreiro de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 10,9%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 1,1% tanto en Galicia como no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en trece comunidades autónomas.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Febreiro 2023

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	91,8	2,0	3,0
Xeral sen estacións de servizo	91,6	1,5	2,8
Alimentación	82,5	-3,8	-3,1
Resto	101,1	8,2	9,7



1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes


O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 2,0% en Galicia en febreiro de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior e un 3,5% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo medra un 1,5% en Galicia e un 3,4% en España respecto a febreiro de 2022. Desagregando por produtos:

- A Alimentación reduce as súas vendas un 3,8% en Galicia e un 2,2% no conxunto de España.
- O Resto de produtos crece un 8,2% en Galicia e un 10,1% no conxunto do Estado.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 1,5%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en todas as comunidades autónomas agás na Rexión de Murcia (-0,2%). Os maiores incrementos rexístranse en Canarias (7,0%) e Illes Balears (5,3%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Febreiro 2023

Taxas de variación en %



3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 9,4% en Galicia no mes de febreiro de 2023, e un 10,9% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 9,7% en Galicia e do 11,5% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 11,2% e no Resto de produtos un 9,2%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 13,1% das vendas en Alimentación e do 10,2% no Resto de produtos.

Índices de comercio polo miúdo. Febreiro 2023

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
	Xeral	111,3	9,4	10,3
	Xeral sen estacións de servizo	110,3	9,7	10,3
	Alimentación	108,8	11,2	11,7
	Resto	111,5	9,2	9,6

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 1,1% no mes de febreiro tanto en Galicia como no conxunto do Estado.


5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en febreiro en trece comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Canarias (3,9%), Extremadura (3,6%) e Illes Balears (3,5%).

A comunidade onde máis diminúe o persoal ocupado é Asturias (-3,3%).

Índice xeral de ocupación. Febreiro 2023

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2021, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Febreiro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	111,3	9,4	10,3	91,8	2,0	3,0
Xeral sen estacións de servizo	110,3	9,7	10,3	91,6	1,5	2,8
Alimentación	108,8	11,2	11,7	82,5	-3,8	-3,1
Resto	111,5	9,2	9,6	101,1	8,2	9,7
España						
Xeral	113,8	10,9	12,8	93,8	3,5	5,5
Xeral sen estacións de servizo	112,0	11,5	13,3	93,2	3,4	5,7
Alimentación	118,2	13,1	13,6	89,7	-2,2	-1,3
Resto	107,2	10,2	13,1	97,8	10,1	13,9

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Febreiro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	129,5	8,1	9,6	106,8	1,5	2,7
Xeral sen estacións de servizo	130,4	9,5	10,2	105,0	1,3	2,5
Alimentación	124,0	11,2	11,9	94,5	-3,8	-2,8
Resto	132,1	7,9	8,9	118,0	6,5	8,8
España						
Xeral	132,8	11,4	12,2	108,3	4,0	4,8
Xeral sen estacións de servizo	130,1	11,1	12,5	106,9	3,1	4,8
Alimentación	132,6	12,5	12,5	101,6	-1,8	-1,6
Resto	129,9	9,6	11,6	113,7	9,3	12,2

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Febreiro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	113,8	0,0	12,8	93,8	3,5	5,5
Andalucía	107,2	0,0	12,3	88,8	3,2	4,8
Aragón	112,9	0,0	11,1	92,9	2,4	4,3
Asturias	105,8	0,0	11,2	88,1	3,5	3,6
Balears, Illes	108,4	0,0	15,4	89,8	5,3	8,8
Canarias	116,6	0,0	18,6	96,3	7,0	10,2
Cantabria	108,0	0,0	11,3	88,5	2,2	4,1
Castilla y León	105,4	0,0	9,9	85,6	0,6	2,2
Castilla-La Mancha	116,0	0,0	11,6	93,7	2,8	3,5
Cataluña	106,6	0,0	12,6	87,1	4,1	5,8
Comunitat Valenciana	115,3	0,0	14,2	96,2	4,9	7,5
Extremadura	101,8	0,0	13,5	84,3	3,2	5,7
GALICIA	111,3	0,0	10,3	91,8	2,0	3,0
Madrid	136,3	0,0	13,7	113,2	3,9	6,5
Murcia, Región de	109,8	0,0	9,9	91,0	-0,2	2,1
Navarra	111,3	0,0	10,0	90,5	1,7	2,1
País Vasco	112,9	0,0	12,0	92,7	3,4	5,0
Rioja, La	113,7	0,0	12,7	93,5	5,2	5,6
Ceuta	85,2	0,0	14,6	70,5	3,3	5,8
Melilla	80,8	0,0	8,9	66,1	-1,6	0,7

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Febreiro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	105,2	1,1	1,2
Xeral sen estacións de servizo	104,9	1,0	1,1
España			
Xeral	104,1	1,1	1,0
Xeral sen estacións de servizo	104,0	1,1	1,0

Fonte:INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.
Febreiro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	104,1	1,1	1,0
Andalucía	101,6	1,3	1,0
Aragón	103,9	-0,5	-0,6
Asturias	99,6	-3,3	-3,3
Baleares, Illes	105,7	3,5	3,3
Canarias	106,2	3,9	3,5
Cantabria	101,0	-0,6	-0,5
Castilla y León	104,5	0,8	0,7
Castilla-La Mancha	103,6	2,1	2,3
Cataluña	102,1	0,9	0,9
Comunitat Valenciana	109,9	1,8	1,6
Extremadura	105,4	3,6	3,5
GALICIA	105,2	1,1	1,2
Madrid	104,8	0,1	0,0
Murcia	101,8	-0,3	-0,6
Navarra	102,1	0,4	0,4
País Vasco	105,8	2,0	2,2
Rioja, La	105,6	1,1	1,5
Ceuta	98,0	-1,6	-1,3
Melilla	101,1	0,5	0,8

Fonte: INE